

RESUMO DA MESA SECTORIAL DO 13/07/2022 .Parte 2.

MEDIDAS DE ADAPTACIÓN AO REAL DECRETO-LEI 12/2022, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DO ESTATUTO MARCO

Relátanse as medidas que están publicadas no real decreto, das que xa eramos coñecedores. [Ligazón Informa REAL DECRETO-LEI 12/2022:](#)

Ante la manifestación de alguna OO.SS. presente en la Mesa de que si podría haberse dado alguna negociación paralela a nivel estatal, UGT- Servizos públicos, sindicato mayoritario a nivel estatal, manifestamos que a negociación co Ministerio serviu para mellorar a proposta inicial da Administración, e recolle moitas das achegas que Servizos Públicos de UGT relativas a:

- A eliminación da figura do persoal temporal eventual
- A causalidade e a motivación de todos os supostos para nomear persoal estatutario temporal (agora sempre interino)
- O establecemento dunha limitación temporal máxima
- A posible conversión en prazas de persoal estrutural daquelas necesidades inicialmente temporais.
- O esclarecemento das causas de despedimento, xunto coa imposibilidade de encadear nomeamentos temporais por igual ou distinta causa nunha ou varias persoas.
- Definición legal, por primeira vez no Estatuto Marco, do nomeamento irregular por abuso e as consecuencias (compensación económica, responsabilidades, nulidade de plenos dereitos, etc.).

Nestas materias hai unha mellora substancial con respecto ao texto anterior do Estatuto Marco, e son unha correcta adaptación ao EBEP, así como á lexislación e xurisprudencia europea. De aí que, salvo un leve matiz nalgunha redacción, UGT SERVICIOS PÚBLICOS está de acordo, en termos xerais, coa súa redacción definitiva. Porén, ante a présa coa que se levou a cabo a negociación (a reticencia inicial do Ministerio a negociar, e a limitación legal para a adaptación o 8 de xullo) impediu que se abordasen outras cuestións que terían contribuído a reforzar as previsións dirixidas a evitar a rexeneración dunha nova temporalidade.

A este respecto, lamentamos a perda de oportunidade de modificar a promoción interna temporal (devengo de trienios xerados na devandita situación, etc.) ou a falta de concreción das responsabilidades na nova Disposición Adicional, dada o escaso

desenvolvemento normativo que fan as CC.AA do Estatuto Marco.

[UGT-SERVIZOS PUBLICOS DEMANDA UNHA REFORMA MAIS AMPLA DO ESTATUTO MARCO](#)

Destacar o compromiso adquirido do ministerio de iniciar (3 meses despois da aprobación do RDL e nun prazo máximo de 6 meses, prorrogables) unha negociación completa e integral de todos os contidos do actual Estatuto Marco en materias tan importantes como: Xubilación Anticipada por coeficientes redutores e parcial con contrato de relevo, Clasificación Profesional, Creación do grupo B, Actualización de Funcións, etc. Xornada, Promoción Interna Temporal, entre outras, co fin de mellorar e innovar positivamente as condicións laborais e as relacións laborais do persoal estatutario.

Mediante a disposición adicional segunda. Adecuación dos sistemas de información de RRHH, o SERGAS ten de prazo para adecuar os seus sistemas de información de RRHH catro meses desde a entrada en vigor do Real Decreto 12/2022, achégannos modelo de nomeamento de persoal interino e persoal interino por promoción interna. O resto de nomeamentos serán modificados dentro do prazo de 4 meses.

Enlace modelo de nomeamento interino:

Rogos e preguntas:

Desde UGT-SP solicitamos que se habilite a promoción interna nas categorías de Facultativo especialista en Atención Especializada, debido a que a día de hoxe non existe esa posibilidade para o persoal fixo. A administración entende que non é un problema prioritario pola alta demanda de Feas que existe, nós incidimos que existe unha desigualdade de trato e de oportunidades, por tanto esiximos que o persoal que reúne requisitos teña a posibilidade de promoción interna en Feas.

UGT-SP, Expoñemos problemáticas que existen en áreas con respecto á cobranza de complementos como o G en Atención primaria.

UGT-SP, solicitamos á comisión de seguimento do plan de continxencia, que non firmamos por ser discriminatorio entre as distintas categorías de persoal, que amplie o ámbito para que outras categorías como celadores...etc. Poidan ser obxecto das melloras que devandito plan adxudica a persoal sanitario.

Informan que o Plan de Mellora retributiva de AP tratarase no @Consello de la Xunta en día 21 de xullo para a súa aprobación definitiva.